


literaria

A creatividade da fauna, en 36 páxinas antolóxicas

■ “Construtores” é a terceira entrega dun proxecto auspiciado pola editora pontevedresa Faktoría K de Libros e traballado polo naturalista Xulio Gutiérrez e mais o ilustrador Nicolás Fernández. Ao igual que nos dous anteriores volumes, os autores elixiron de entre toda a fauna do mundo, doce especies que polas súas particularidades e características específicas constituísen exemplos singulares nunha cuestión concreta: se con anterioridade analizaron a súa aportación en dous capítulos como a maternidade (titulado “Nacer”) e a alimentación (en “Bocas”), agora abordan as capacidades creativas dunha ducia de animais. Trátase do castor, o can das praderías, a ave martelo, o republicano, o peto real, o espiñento, a avespa de cara branca, o térmito construtor, o cangrexo ermitán común, a araña de auga, a miñoca abano e o coral. Cada un deles posúe unhas habilidades sorprendentes na súa relación do medio e a necesidade de construírse un fogar no que se resgardar dun entor-



XULIO GUTIÉRREZ
NICOLÁS FERNÁNDEZ

Construtores

ANIMAIS EXTRAORDINARIOS

no hostil. Cada unha das especies é tratada nunha dobre páxina con ilustracións a cor na que con datos sobre a súa localización, costumes, etc. Dirixida a un público maior de sete anos, esta colección continuará en breve con outros álbumes nos que, a través de diversas especies, o lector descubrirá un mundo, a fauna, realmente extraordinario.

“Construtores”
Xulio Gutiérrez
Ilustrado por Nicolás Fernández
Faktoría K de Libros / 16 euros

literaria

Aqueles debates de altura erradicados das televisións

■ A televisión como formato ten mudado tanto desde a súa popularización que é hoxe irrecoñecible en moitos aspectos, ás veces para ben e outras para non tan ben. Un exemplo deste deterioro é a erradicación de programas de debate serios e dalgún xeito alonxados da actualidade política pura e dura

que na televisión española non eran tan frecuentes pero si noutras latitudes, case sempre máis setentrionais, como a holandesa.

Alí, durante unha tempada, o filósofo Fons Elders moderou unha serie de debates enmarcados nos encontros organizados polo International Philosophers Project. Un deles foi o que mantiveron en novembro de 1971 dous dos intelectuais máis representativos do século XX, Michael Foucault e Noam Chomsky, e que agora recupera, en tradución de Fe González, a editorial Trifolium na súa colección Musa Pedestris.

Dividido en dous bloques, un máis teórico ou, se se quixer, puramente filosófico e outro eminentemente político ou práctico, o debate entre ámbolos dous resultou dunha altura intelectual insólita e dunha riqueza argumental tremenda no que trasluciron moitas diferenzas nas referencias á praxe e á metodoloxía teórica empregada malia as aparentes coincidencias de pensamento a priori. Fenomenal recuperación.

Noam Chomsky e Michel Foucault

*A natureza humana:
xustiza versus poder*

Un debate



Editorial Trifolium

Musa pedestris

“A natureza humana: xustiza versus poder”
Noam Chomsky e Michael Foucault
Tradución de M^a Fe González
Editorial Trifolium / 11 euros

“O pouso do fume” vén de recibir o recoñecemento da crítica logo de ser nomeado finalista na categoría de mellor libro de poesía na última edición dos premios AELG

Eis o misterio do cotián

Espiral Maior edita este poemario

LIBROS

VICENTE ARAGUAS




O u de cómo argumentar o quefacer de cada día. De cómo argumentalo ou artellalo (¡ou artillalo!) coa forza e máis os argumentos de que dispón Dorés Tembrás, firme candidata na última edición do Premio da Crítica (Española), co seu primeiro libro de poemas. O que teño agora diante miña, e que leva por título “O pouso do fume” (Edicións Espiral Maior, Culleredo, 2009). Un conxunto de versos que oxidan, combustionan e –consecuentemente– deixan pouso. Ou pousan no espírito do lector quen terá, por forza, de volver a eles.

Porque este libro de poemas é, como poucos, de lectura adicada. Cousa doadamente deducible desde o prólogo do libro, da autoría de Teresa Seara, unha das nosas especialistas en poesía con máis criterio e, xa que logo, credibilidade. E fala Teresa de fogos e fumes, e aínda podería facelo de lumes, e baseándose nun proverbio africano fai por preguntarse (e preguntarnos; mala cousa a poesía que non traballa con e ao lector) –precisamente–: “¿Qué se fai co fume?”

E por aí os derroteiros deste libro de poemas que conta cousas, que procura as interioridades de cousas e persoas, que fala de vitorias e desfeitas, que se move e tece e destece polo rural de andalo en burrico pero tamén chouta as barreiras do Atlántico. Nunha chea de poemas, de pequeno formato, eis tamén o seu poderío (¡que de verdade na contención expresiva!), que van saíndo á maneira dun río ben artillado pola sabedoría dunha poeta sabida. Dunha muller que fala de mulleres, de persoas bravísimas como o verso duro pero tan flexible de Alejandra Pizarnik, tan citada polas poetas de hoxe (por Dorés Tembrás, ademais, estudada, pois dela fixo cerne e motivo dunha tese doutoral), pero que tamén alumea os seus versos con outros de Eva Veiga.

Dorés Tembrás

O POUSO DO FUME



ESPIRAL MAIOR
POESÍA

AUTORA

“Acredita igualmente no silencio, e por iso nun dos seus poemas ten que aparecer John Cage”

“O pouso do fume”
Dorés Tembrás
Espiral Maior / 14 euros

O que pasa é que Dorés Tembrás acredita igualmente no silencio, e por iso nun dos seus poemas ten de aparecer John Cage. E agora o cotián colle xeitos musicais. E agora o silencio cotián semella pouco doado ou, definitivamente, imposible.

Por iso Dorés Tembrás non canxa tampouco nesta estética, tampouco na confesional, obviamente. E é que esta poeta, á que

imos seguir agardando con apatencias e afán agora tan xustificadas, ten extraña clasificación. Senón na dos poetas galegos da hora actual que non queren capsula, casela ou posto escalafonado.

Dorés Tembrás, paréceme, vai ben por libre no momento galego que nos abruma de tendencias e escolas, xente e xentiña. Eis un dos meirandes atractivos da poética desta muller de Bergondiño (A Coruña) de 1979. En quen haberá que acreditar, xa se dixo, na mesma forza con que ela ten revirado o pescozo do enganoso cisne do cotián. Ou algo así, coido.